



BANDO

SOBRE RECOLLIDA DE TRASTES A DOMICILIO PARA O SEU DEPÓSITO NO PUNTO DE ALMACENAXE

D. Carlos Costa Domínguez, Alcalde do Concello de Campo Lameiro

Como ben coñece a poboación, o Concello de O Campo Lameiro presta un servizo gratuíto de recollida de trastes a domicilio, e , debido a actual situación

Fai Saber

Que durante o período estival **non se levará a cabo a recollida domiciliaria de residuos voluminosos.**

REFERIDO A RECOLLIDA DE RESIDUOS, LEMBRAMOS:

1. Prohíbese tirar á vía pública todo tipo de residuos. Quen transite polas rúas, prazas, xardíns e outros espazos públicos e queira desprenderse de residuos de pequena entidade, utilizará as papeleiras instaladas para tal fin, así como os colectores dispostos na vía pública, sempre separando adecuadamente cada residuo e depositándoos en bolsas pechadas.
2. Prohíbese abandonar mobles e trastes en xeral de particulares na vía pública. O incumprimento destas normas pode carrexar sancións dende 80€ ata 3.000€, ademáis de atentar contra a convivencia e a boa veciñanza.

CONTAMOS COA TÚA COLABORACIÓN PARA MANTER O CONCELLO LIMPO E EVITAR AS POSIBLES SANCIÓN S POR INFRACCIÓN S.

O que se fai publico para xeral coñecemento e demais efectos.

Campo Lameiro, a 13 de xullo de 2026.

O Alcalde. Asdo. CARLOS COSTA DOMÍNGUEZ

